IES Illa de Ons. Curso 2020 - 2021

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID

EQUIPO COVID E AULA COVID

O **Equipo Covid** actuará como referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. Está constituído por tres membros que coinciden cos tres membros do equipo directivo:

Anabel Castro Márquez: directora

Yolanda Martínez Rodil: xefa de estudos

Mónica Camaño Portela: secretaria

Neste curso escolar, a **Sala Covid** que usaremos para illar ó alumnado con posible sintomatoloxía será a aula contígua ós tres despachos de dirección (***antiga aula de convivencia)***. Nela disporase de dispensador de hidroxel, panos desbotables, papeleira con tapa e pedal,termómetro sen contacto, luvas para o acompañante e xanela para ventilar. Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o lugar.

ENTRADAS

Habilitáronse dúas entradas: todo o alumnado accederá polo portal de entrada
do instituto pero creamos a seguinte bifurcación:

- pola **porta principal** accederá o alumnado de 1º e 2º ESO (fracción I)
- polo **corredor** que accede á porta traseira accederá o alumnado de 3º e 4º ESO (fracción II)
- o profesorado **non pode aparcar** no recinto, xa que é un espazo que habilitamos para patio

GARDAS DE CUSTODIA DE ENTRADAS

ENTRADAS ÁS AULAS

Un mÍnimo de dous profesores terán asignada a hora de garda de custodia que empeza ás 8:15 e remata ás 8:50. Cada profesor ten que vixiar e encargarse dunha fracción do alumnado:

-**fracción I**: 1º e 2º ESO - **fracción II**: 3º e 4º ESO

Habilitáronse varios espazos para que o alumnado poida esperar ata o inicio das clases e pensamos en diversos escenarios meteorolóxicos.

Os espazos son os seguintes: PATIO 1 - PATIO 2 (parking) - PAVILLÓN - HALL DE ENTRADA - ESCALEIRAS DE INCENDIOS - CORREDOR DA PLANTA BAIXA.

Cando o tempo o permita é recomendable que o alumnado espere ó aire libre. O alumnado de 1º e 2º ESO permanecerá no PATIO 2 e o alumnado de 3º e 4º ESO no PATIO 1.

En caso de mal tempo (frío, choiva …) o alumnado da fracción I (1º e 2º ESO) terá que esperar no pavillón e o alumnado da fracción II (3º e 4º ESO) no corredor da planta baixa e escaleiras de incendios.

Para evitar aglomeracións, no timbre das 8:47 entrarán ás aulas 1º e 3º ESO e as 8:50 entrarán 2º e 4º ESO.



AS SAÍDAS

Regulamos as saídas do seguinte xeito:

-No timbre das 14:24 sairán das aulas 1º e 3º ESO (non poden abandonar o centro ata que soe o segundo timbre)

-No timbre das 14:25 sairán das aulas 2º e 4º ESO.

GARDAS DE RECREO

Haberá un mínimo de dous profesores/as por zona de vixilancia.

Lembramos que estas son: PATIO 1 ; PATIO 2 ; PAVILLÓN; HALL DE ENTRADA; CORREDOR DA PLANTA BAIXA; ESCALEIRAS DE INCENDIOS DA PLANTA BAIXA.

As gardas de recreo estarán reforzadas por un membro do equipo directivo.

RECREOS I



<u>INICIO DO RECREO</u>: no timbre das 11:17 sairán das aulas 1º e 3º ESO. Ás 11:20 sairán 2º e 4ºESO.

<u>REMATE DO RECREO</u>: no timbre das 11:52 voltarán ás aulas 1º e 3º ESO. Ás 11:55 voltarán 2º e 4ºESO.

Os espazos son os seguintes: PATIO 1 - PATIO 2 (parking) - PAVILLÓN - HALL DE ENTRADA- ESCALEIRAS DE INCENDIOS DA PLANTA BAIXA.

A fracción I (1º e 2º ESO) e o fracción II (3º e 4º ESO) **rotaranse semanalmente** para o uso destes espazos.

Cando o tempo o permita é recomendable que o alumnado espere ó aire libre nos patios 1 e 2.

Nos cadros aparecen asignadas as zonas nas que poderán estar as dúas fraccións

RECREOS II


Movementos nos recreos (II)
1º e 2º
3º e 4º
Ximnasio cuberto
Pista deportiva descuberta
Almacén xeral
Almacen
Cafeteria
Conserxeria
Sala de profesores
Administración
Biblioteca
Secretaría
Dirección
Xefatura estudos
Arpa
Hall
Cuarto limpeza
4º A
4º B
3º A
3º B

ESPAZOS DO RECREO





USO DA CAFETERÍA NOS RECREOS

O alumnado poderá acceder a cafetería durante o recreo. O uso da cafetería está organizado do seguinte xeito:

SEMANA 1: irá primeiro a fracción (I), o alumnado de 1º e 2º ESO, dende as 11:20 ata as 11:35. A partir das 11:35 irá o alumnado de 3º e 4º ESO

SEMANA 2: irá primeiro a fracción (II), o alumnado de 3º e 4º ESO, dende as 11:20 ata as 11:35. A partir das 11:35 irá o alumnado de 1º e 2º ESO.

Para evitar que as fraccións de alumnado entren en contacto, haberá un profesor de garda que vixie no hall.

A SALA DE PROFES

No momento do recreo, o aforo da sala de profes está reducido a **14 persoas.**

USO DOS ASEOS

Restrínxese o aforo a **3 persoas.** Debido á organización en grupos de convivencia estable, os aseos da planta baixa son de uso exclusivo para o alumnado de 3º e 4º ESO. O alumnado de 1º e 2º ESO terá que usar os aseos da primeira planta.

TITORÍAS E INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

As titorías faranse preferentemente por **comunicación telefónica** ou videochamada.Permí-tense as presenciais coas normas de seguridade reflectidas no plan de actuación.

Para notificacións de carácter xeral, o centro publicará información na **páxina web** e utilizaremos a aplicación **abalarMóbil.**

A comunicación coa ANPA tamén se fará por teléfono, email ou abalarMóbil.

A BIBLIOTECA

O equipo da biblioteca desenvolveu un protocolo inicial que poderá ser modificado e mellorado segundo vaia transcorrendo o curso académico e en función das indicacións das autoridades sanitarias.

O protocolo está colgado no blog da biblioteca do IES Illa de Ons.

http://bibliotecailladeons.blogspot.com

EXCURSIÓNS E SAÍDAS

Evitaranse as actividades deportivas, lúdicas ou colaborativas que impliquen o acceso a espazos públicos (museos, excursións, teatro…) ou a posibilidade de mesturarse con outros grupos de alumnos e centros escolares. Evitaranse saídas extraescolares ou complementarias que requiran transporte en autobús.

As actividades extraescolares dentro do propio centro deberán contemplar as medidas de distanciamento e hixiene indicadas no documento “Plan de adaptación á situación Covid”

ASPECTOS IMPORTANTES

- Limpeza de mans (entrada principal e entrada da aula) e uso obligatorio de mascarilla (o alumnado ten que traer unha de reposo)
- Limpeza de pupitre e silla (nos desdobres: alumnado entrante) e material común supervisado polo profesor.
- Permisividade para deixar o alumnado ir ó baño durante as clases (apuntar no parte)
- Puntualidade do profesorado